



A Xunta segue a engordar a administración paralela coa empresa TRAGSATEC

Coa [Resolución do 25 de agosto do 2021](#) encoméndase á empresa Tragsatec a execución dun servizo de apoio técnico á Consellería de Política Social na xestión de diversas axudas.

Esta nova encomenda que se encarga á empresa de participación pública Tragsatec consolida a dinámica de Cultura coas externalizacións do traballo de informes de patrimonio cultural e arqueolóxico que substituíron ao persoal funcionario e que provocaron mesmo despedimentos. Neste caso a encomenda é para a Consellería de Política Social e para máis coa xustificación de “medio propio” a pesar de ser unha empresa con fins fundacionais de traballos técnicos agrarios.

Preténdese consolidar unha administración paralela

Cunha encomenda “para todo” e sen orzamento deixa clara a intención da Xunta de consolidar unha administración paralela que supón a [usurpación de funcións do persoal funcionario](#).

A privacidade e o servizo público en perigo

Persoal alleo á Xunta vai tratar ou manexar datos sensibles, algo especialmente grave se

temos en conta que son persoas usuarias de recursos ou de axudas sociais.

Abrir a entrada pola porta de atrás

Encomendas como esta foron causa da entrada na administración de persoas que denunciaron e gañaron nos xulgados demandas por “cesión ilegal de traballadores/as”. Situación promovida pola Xunta e e que provoca conflito e inxustizas ao acceder ao emprego público sen proceso selectivo.

As listas de contratación ignoradas

Se necesitamos persoal hai fórmulas de sobra para a súa provisión. E se é urxente temos listas de contratación e lexislación adecuada que o permite. Ou mellor que creen as prazas estruturais na RPT xa que moito nos tememos que esta encomenda a Tragsatec, con vixencia ata o 31 de agosto de 2022, ao final encadee outras e sexa permanente como no caso de [Patrimonio Cultural que tivemos que demandar no xulgado](#).

